

A miña muller é vella
e enterreina no palleiro,
/:deixeill'ó rabiño fóra
para toca-lo pandeiro:/.

Oliñas veñen...

/:A miña muller é vella,
de vella saqueill'ó couro:/
/:para faser un pandeiro
para corre-lo antruido:/.

Oliñas veñen...

/:Heiche de dar que i-o teño:/
/:papas de millo miúdo
feito no pote pequeno:/.

Oliñas veñen...

/:Miña nai por me casar-e,
meu pai por me da-lo dote:/,
/:tiveron unha profía,
rompéronll'os pés ó pote:/.

Hai que roelo, hai que roelo,
hai que roelo e calar
que non vaia a ser o demo
que te teña que manter.